

# Castro de Vilar (Folgoso do Courel)



## Sofía Rocha Caamaño

Atalaia sobre o río Lor. O primeiro estudo sobre o mesmo data a finais dos anos 70, chegándose á conclusión, mais con cautela, de que está relacionado coas explotacións mineiras dos romanos. Posúe muros defensivos e diversas vivendas circulares. Tamén se poden ver restos de tres torres e fosas defensivas.

**Xeolocalización: 42° 33' 27.0" N - 7° 14' 07.9" W**

# Pedrafita do Cebreiro (Lugo)



## Eara Souto Collado

Pedrafita do Cebreiro foi parte do itinerario das vías romanas, como era a que por Triacastela conducía ao interior de Galicia dende Astorga. Na Idade Media deu paso ao camiño francés a Santiago e a un Camiño Real. No s. XIX, pasou a formar parte da N-VI, a primeira estrada moderna de acceso dende a meseta a Galicia. Hoxe en día, Pedrafita constitúe a entrada en Galicia do Camiño Francés, da N-VI e da A-6. Todo isto xunto co Miragre do Santo Grial, acontecido en O Cebreiro, convertiu a este municipio nun lugar de peregrinación obrigatorio dende hai séculos.

**Xeolocalización: 42° 42' 27.35 " N - 7° 02' 35.68" O**

# Praia de Covas (Viveiro)

**Javier  
Castro**



Praia de area branca , con oleaxe tranquilo en forma de concha. Areal urbano do término municipal do concello de Viveiro. Posúe un paseo marítimo que delimita a praia e as dunas. En baixamar a súa extensión ronda os 280.000 m<sup>2</sup>, e en alta mar redúcese aos 150.000 m<sup>2</sup>. No extremo oeste presenta formacións de tipo pizarroso coñecidas como "Castelos" . Alí atópase o monumento dedicado aos náufragos afundidos na ría polo temporal o 2-11-1812.

**Xeolocalización: 43° 40' 18.1" N - 7° 36' 07.4" W**

# Guimarei (Friol)

Alba  
Leal  
Grande



Guimarei atópase no concello de Friol e destaca polos poucos veciños que ten. Pódese ver unha fermosa carballeira. Tamén hai un antigo pozo comunitario que daba servizo ás casas. A Igrexa de Santa María de Guimarei é un importante exemplo do gótico tardío. É unha das poucas igrexas dese estilo. Sobre a porta de acceso de arco medio punto destaca un rosetón calado e unha espadana de dobre vano.

**Xeolocalización: 42°59'31"N -7°46'05"O**

# Lagoa de Sobrado dos Monxes



## Daniel Pazos Mosquera

Foron os monxes no s.XVI quenes a crearon durante os anos 1500 -1530. Tendo en conta os tempos nos que estaban, supuxo unha grande obra, o que amosa o poder da igrexa naqueles momentos. Utilizábana para regar os cultivos cercanos á lagoa mediante canais que tamén surtían aos muíños que traballaban para os abades.

**Xeolocalización: N 43° 2' 41,60" -W 8° 1' 5,80**

# Lagoa de Cospeito



## Celia Grandío Pérez

Alimentada polo río Guisande, da conca fluvial do Támoga, á súa vez afluente do Miño. Regan grandes humedais que serven como zona invernal a diversas especies de aves migratorias nos meses de inverno .

**Xeolocalización: 43°14'33"N 7°33'12"O**

# Fuciño do Porco (O Vicedo)



**Paula  
( Mestra  
6ºB E.I.)**

"O Fuciño do Porco", coñecido con este nome pola forma na que se presenta o seu perfil ante os mariñeiros da zona que avistan dende o mar. É un pequeno saínte costeiro entre as praias de Abrela e San Román.

**Xeolocalización: 43°42' 23.21" N - 7°37' 02.68" O**

# Fuciño do Porco (O Vicedo)



**Paula  
(mestra  
6ºB de  
E.I.)**



**Xeolocalización: 43°42' 23.21" N - 7°37' 02.68" O**



# Formigas de San Clodio (Outeiro de Rei)



Simón  
Grandío  
Pérez

A menos de 10 km del centro de Lugo, en San Clodio de Aguiar, en Outeiro de Rei, podemos ver o cartel de «Érase unha vez...» que amosa o percorrido por este pobo de conto. Están elaboradas con plástico de silo. Podemos atopar un radar, un foguete, cempés, un pato, etc...

**Xeolocalización:** N 42° 22' 0.12"-O 8° 7' 0.119"

# Barco museo (Burela)

Blanca  
(mestra E.P.)



Barco boniteiro recuperado no que se poden visitar todos os seus compartimentos.

**Xeolocalización: 43° 39' 39.3" N - 7° 21' 19.3" W**

# Museo de Sargadelos ( Cervo)

Blanca ( mestra E.P.)



As Reais fábricas de Sargadelos son declaradas conxunto histórico en 1972. Foron nos inicios a primeira siderurxia integral de España, creadas polo Marqués de Sargadelos, Antonio Raimúndez Ibáñez, aa finais do s.XVIII. Dela saíron armas e municións para a Armada Española convivindo cunha innovadora fábrica de loza que introduciu en España formas de decoracións ata agora ligadas a pezas de orixe inglesa.

**Xeolocalización: 43° 39' 39.6" N - 7° 24' 17.4" W**

# Mirador Duque de Doade (Monforte de Lemos)



**Nieves**  
(mestra E.I.)

Localízase na Ribeira Sacra, onde o val acada unha caída case vertical duns 400 m. Está entre os concellos de Sober e Monforte. Dende aí pódese disfrutar dunhas vistas fantásticas do val do Sil.

**Xeolocalización: 42° 24' 44.122"N-7° 26' 52.994"E**

# Torre Pardo de Cela (Alfoz)

Nuria( mestra E.F)



Construcción cúbica de tres plantas construida en cadeirado de granito e coroada por almenas. Foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1949.

Tivo a súa orixe nun asentamento castrexo de comezos do s.I d.C. Desta construción só se conservan as estruturas exteriores da torre homenaxe da primitiva fortaleza.

**Xeolocalización: 43° 31' 40.0" N - 7° 24' 32.0" W**

# Monte Furado (Quiroga)



**Nieves  
(mestra  
E.I.)**

Tamén coñecido polos veciños como boca do Monte, trátase dun legado romano de hai case 2.000 anos. Destaca o tono roxizo da pedra dalgunhas vivendas e da Igrexa. Este tono ten a súa orixe no substrato da zona.



Abriron un túnel para facer crecer o Sil ou deixalo sacar e así poder recoller o ouro.

**Xeolocalización: 42°23'41"N 7°12'02"O**

# Praia do Cantiño ( Burela)



**Martín  
Herrero  
Abad**

**Praia aberta de area fina duns 70 metros de lonxitude.**

**Xeolocalización: 43° 38' 33.0" N - 7° 20' 38.9" W**